



Exp. 10909-307

ASUNTO: Informe-proposta para **CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES “BATALLA MURAL” DO VIII PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS**

o servizo de Patrimonio Histórico está a desenvolver o OITAVO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, coa finalidade de contribuír ao proceso, iniciado anos atrás, de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, e á mellora da calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto de cidadáns, así como dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos; con esta finalidade, está previsto desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais complementarias ao programa principal, entre as que se atopa a celebración das xornadas artísticas participativas no espazo público.

Ditas xornadas teñen como obxectivo a interacción coa cidadanía, achegando arte contemporánea aos diversos públicos, a través da participación e da creación colaborativa, apoiando ao mesmo tempo a nosa produción cultural galega; entre outras, desenvolverase a IV edición da actividade “*Batalla Mural*”, concurso de arte urbano co obxectivo de achegar o valor da cultura urbana, especialmente do arte urbano e do *graffiti* en todas as súas manifestacións, á cidadanía en xeral e á xuventude en particular e conectalo co valor cultural, patrimonial e social da cidade de Vigo e, ao mesmo tempo, promocionar e dar participación a xóvenes creadores de *graffiti* e arte urbano como cauce de expresión cultural e artística.

Por todo o exposto e para os efectos do adecuado desenvolvemento desta actividade a concelleira delegada de Patrimonio Histórico aprobou, por resolución do 14/09/2022, as bases do concurso de arte urbano “*Batalla Mural*”. Posteriormente, tense detectado un erro na redacción das bases seguintes ao referirse á posibilidade de escoller o material a utilizar (spray ou pintura), xa que **non estará permitido o uso da pintura na execución dos traballos**.

Deste xeito, propónse á concelleira delegada de Patrimonio Histórico a corrección das bases do concurso de arte urbano “*Batalla Mural*” aprobadas por resolución do 14/09/2022, do seguinte xeito:

1º.- Onde dí:

“CUARTA.- PRESENTACIÓN

A documentación que deberá enviarse para a participación no concurso será a seguinte:

*-Solicitud de inscripción no concurso organizado polo Concello de Vigo - Patrimonio Histórico “Batalla mural”, onde constarán os datos persoais necesarios para a identificación do/a participante, un teléfono e dirección de correo electrónico de contacto, a **declaración de que se coñecen estas bases e se aceptan na súa totalidade**, así como do material a utilizar: spray ou pintura.”*

debe dicir:

“CUARTA.- PRESENTACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/09/2022 13:23	Páxina 1 de 2
10909-307	CSV: A1A9B2-2E364D-EFD7BB-87EX7Y-L215CE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A documentación que deberá enviarse para a participación no concurso será a seguinte:

-Solicitud de inscrición no concurso organizado polo Concello de Vigo - Patrimonio Histórico “Batalla mural”, onde constarán os datos persoais necesarios para a identificación do/a participante, un teléfono e dirección de correo electrónico de contacto, a declaración de que se coñecen estas bases e se aceptan na súa totalidade.”

2º.- Onde dí:

“OITAVA.- MATERIAIS

O Concello de Vigo subministrará o material necesario para pintar, isto é, os botes de sprays ou pintura (caps necesarios).

Proverase a todos os participantes dun mínimo de 10/12 cores de spray e serán as mesmas cores para todos os participantes, cos que terán que desenvolver a súa obra durante o tempo indicado.

Os participantes non poderán utilizar outros materiais (tales como marcadores, stickers, plantillas, etc.) que non sexan os subministrados polo Concello.

Non se permite a utilización de medios auxiliares de elevación.”

debe dicir:

“OITAVA.- MATERIAIS

O Concello de Vigo subministrará o material necesario para pintar, isto é, os botes de sprays (caps necesarios).

Proverase a todos os participantes dun mínimo de 10/12 cores de spray e serán as mesmas cores para todos os participantes, cos que terán que desenvolver a súa obra durante o tempo indicado.

Os participantes non poderán utilizar outros materiais (tales como marcadores, stickers, plantillas, etc.) que non sexan os subministrados polo Concello.

Non se permite a utilización de medios auxiliares de elevación.”

3º.- Así mesmo, deberá notificarse esta resolución a cantos medios de difusión tíñanse utilizados para darlles publicidade a estas bases.

En Vigo, na data segundo sinatura dixital
A xefa de Patrimonio Histórico, María Gómez Janeiro

DECRETO:

Á vista da proposta da xefa de Patrimonio Histórico e no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, art. 25.2 a) do mesmo texto normativo na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a resolución do Alcalde do 18/06/2019 (e as sucesivas modificacións), os acordos da Xunta de Goberno Local do 20/06/2019 e do 05/11/2020 (e modificacións) e o decreto do alcalde de 18/01/2022, RESOLVO en conformidade coa mesma.

En Vigo, na data da sinatura dixital
A concelleira delegada de Patrimonio Histórico, Carmen Silva Rego



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/09/2022 13:23	Páxina 2 de 2
10909-307	CSV: A1A9B2-2E364D-EFD7BB-87EX7Y-L215CE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		